



ANUNCIO

Expediente: 2021/E001/000005

**ASUNTO: RESULTADO 2º EXERCIZO DA FASE DA OPOSICIÓN;
CUALIFICACIÓNS FINAIS E PROPOSTA DE NOMEAMENTO.
PRAZA TÉCNICO DEPORTIVO, FUNCIONARIO DE CARREIRA.**

Rematadas as probas do proceso selectivo indicado, o Tribunal Cualificador encargado do desenvolvemento do mesmo, procede a facer público o contido da acta da última sesión, que tivo lugar o 5 de novembro de 2021; sendo o seguinte:

ACTA Nº 5 TRIBUNAL CUALIFICADOR

Expte.: 2021/E001/000005

Procedemento selectivo: Funcionario de carreira, praza técnico deportivo

Asunto: Exercizo 2º Fase oposición, cualificación final e proposta nomeamento de funcionario

No día 5 de novembro de 2021 ás dez horas e trinta minutos, na biblioteca municipal sita no Edificio da Casa de Cultura de Valdovíño, reúnen os integrantes do Tribunal Cualificador do proceso selectivo de Técnico Deportivo (OEP 2021), segundo bases publicadas; nomeado dito Tribunal por decreto de Alcaldía nº 519/2021 de data 15.09.21; estando presentes todos os membros titulares:

Presidenta: Carlota González Navarro, secretaria do Concello de Valdovíño.

Vogais:

Mercedes Justo Pena, coordinadora municipal deportiva no concello de Fene

Manuel Larrosa Rodríguez, secretario- interventor do concello de Ares

Elisa Marqués Parrilla., interventora do concello de Valdovíño

Secretaria: Pilar Rivera Rodríguez, funcionaria do concello de Valdovíño

A reunión ten por obxecto o desenvolvemento do 2º exercizo da oposición.

En aplicación do disposto nas bases que rexen este proceso selectivo que literalmente din:

“Segundo exercicio:

*Este exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes, consistirá na resolución por escrito, nun tempo máximo dunha hora e media (90 minutos), dun cuestionario tipo test de 40 preguntas (e 3 de reserva) con 3 respostas alternativas, das que só unha será a correcta, e que gardarán relación coas materias comprendidas no temario que figura no **anexo II**.*

As preguntas de reserva deberán ser contestadas polos aspirantes e utilizaranse para substituír aquelas preguntas do exame inicial que, de ser o caso, fosen anuladas polo

tribunal, previo acordo motivado ao respecto. Neste suposto, a pregunta anulada do exame inicial terase por non formulada e será substituída pola primeira pregunta de reserva, e así sucesivamente no caso de que houbera mais dunha anulación.

O cuestionario será determinado polo Tribunal inmediatamente antes da realización do mesmo.

A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, debéndose obter unha puntuación mínima de 5 puntos para superalo, correspondendo ao tribunal determinar o número mínimo de preguntas acertadas necesario para alcanzar a dita puntuación, que non terá por que corresponderse necesariamente co 50% das preguntas acertadas, e para o que se terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha (1) correcta.

As preguntas de reserva deberán ser contestadas polos aspirantes e utilizaranse para substituír aquelas preguntas do exame inicial que, de ser o caso, fosen anuladas polo tribunal, previo acordo motivado ao respecto. Neste suposto, a pregunta anulada do exame inicial terase por non formulada e será substituída pola primeira pregunta de reserva, e así sucesivamente no caso de que houbera mais dunha anulación”.

Indicase asemade nas Bases: O Tribunal queda facultado para determinar o número mínimo de preguntas acertadas necesario para acadar a puntuación mínima de 5 puntos.

O Tribunal acorda que a puntuación outorgada a cada pregunta sexa 0,25, debendo acadar para superar o exercizo 5 puntos, e tal como consta nas bases, cada tres preguntas erróneas descontarase unha pregunta correcta.

Efectuado chamamento dos candidatos convocados acuden todos eles á proba

- 1.- Beade Feal, Francisco, DNI ***6604**
- 2.- Bouza Soto, Enrique, DNI ***9232**
- 3.- López Becerra, José Juan ***4114**
- 4.- López Lorenzo, Miguel Ángel ***8151**
- 5.- Martínez Díaz, Antón Kalinda ***2946**

A Presidenta do Tribunal explica aos opositores sobor da cumprimentación e xeito de correxir o exercizo que da comezo as dez horas e trinta e cinco minutos, otorgándose hora e media para a súa realización.

Feita a entrega dos exercizos por todos os opositores, o Tribunal procede de seguido a correxir os mesmos e do actuado resultan as seguintes puntuacións do 2º exercizo oposición:

- 1.- Beade Feal, Francisco, DNI ***6604**.- 6,75 puntos
- 2.- Bouza Soto, Enrique, DNI ***9232** .- 8,5 puntos
- 3.- López Becerra, José Juan ***4114** .- 8,75 puntos
- 4.- López Lorenzo, Miguel Ángel ***8151** .- 8,00 puntos
- 5.- Martínez Díaz, Antón Kalinda ***2946**.- 5,50 puntos.

O Tribunal por unanimidade, tendo en conta as puntuacións obtidas polos aspirantes coa suma dos puntos do concurso e da oposición por orde decrecente de puntuación:

| APELIDOS, NOME DNI | FASE CONCURSO | FASE OPOSICIÓN | FASE OPOSICIÓN | CELGA | TOTAL |
|--|------------------|-------------------|-------------------|-------|--------------|
| | | 1º EXERCIZO | 2º EXERCIZO | | |
| Bouza Soto, Enrique ***9232** | 2,5 | 6,25 | 8,50 | APTO | 17,25 |
| López Lorenzo, Miguel Ángel ***8151** | 2,5 | 6,5 | 8,00 | APTO | 17 |
| López Becerra, José Juan ***4114** | 2,5 | 5,5 | 8,75 | APTO | 16,75 |
| Beade Feal, Francisco ***6604** | 2,5 | 5,75 | 6,75 | APTO | 15 |
| Martínez Díaz, Antón Kalinda ***2946** | 1,5 | 5,75 | 5,50 | APTO | 12,75 |

E considerando que non é necesaria a realización da proba de coñecemento do idioma galego xa que acreditaron os aspirantes ter o título Celga 4 ou equivalente, en aplicación do estipulado nas bases que rexen este procedemento, **ACORDA:**

Primeiro.- Considerar superado o proceso selectivo por todos os aspirantes.

Segundo.- Publicar o resultado do proceso selectivo coas cualificacións e proposta de nomeamento no Taboleiro de anuncios e sede electrónica do Concello de Valdoviño. Publicar tamén o exercizo 2º oposición e plantilla-respostas do mesmo.

Os aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles para formular reclamacións/alegacións ao respecto dos resultados e cualificacións obtidas, a contar dende o seguinte á súa publicación no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

Terceiro.- PROPOÑER por estar ofertada unha única praza de Técnico Deportivo, ao aspirante Bouza Soto, Enrique, DNI *9232** para o seu nomeamento por obter a mellor puntuación final;** coa salvedade de que si se presentasen reclamacións e resultas éstas variasen as cualificacións, debendo entón o Tribunal formular nova proposta de nomeamento ao respecto.

Nos términos previstos nas Base oitava, apartado 2 da convocatoria no prazo de 20 días naturais, contados dende o seguinte a áquel no que se teña publicado a relación de aprobados o aspirante proposto para o nomeamento deberá presentar no Rexistro municipal os documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria.

Cuarto.- Elevar esta acta coas cualificacións finais e coa proposta de nomeamento ao Alcalde do Concello aos efectos oportunos; coas consideracións expresadas no punto terceiro en caso de que houberse reclamacións.

Pola Presidencia sendo ás doce horas e corenta minutos levántase esta sesión de todo o que como Secretaria do Tribunal dou fe co Visto e Prace da Presidenta e sinatura dixital de todos os compoñentes do Tribunal”

O que se fai público para coñecemento de interesados e efectos oportunos.

En Valdoviño, 8 de novembro de 2021 (Data de publicación no Taboleiro de Anuncios)

A Presidenta do Tribunal

A Secretaria do Tribunal,